

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13808 *Real decreto 963/2013, do 5 de decembro, polo que se fixan as tripulacións mínimas de seguridade dos buques de pesca e auxiliares de pesca e se regula o procedemento para a súa asignación.*

A Orde do Ministerio de Comercio do 14 de xullo de 1964 fixa o cadro indicador de tripulacións mínimas para buques mercantes e de pesca. Desde a súa entrada en vigor até o momento actual as unidades que compoñen a frota de pesca evolucionaron considerablemente grazas aos numerosos adiantos tecnolóxicos incorporados a elas. Así mesmo, a evolución experimentada no ámbito das titulacións profesionais dos oficiais e os límites das atribucións que se lles outorgan fan aconsellable proceder á derogación parcial da orde mencionada no que se refire ás tripulacións mínimas para buques de pesca e auxiliares de pesca.

Ademais, no que respecta á asignación das tripulacións mínimas de seguridade dos buques pesqueiros, débese ter en conta o previsto polo Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo no mar, que establece os criterios xerais de seguridade, suficiencia e eficiencia a que se deberá someter a fixación e a revisión das tripulacións mínimas de seguridade dos buques pesqueiros.

Doutra parte, o artigo 253 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, establece que regulamentariamente se fixará o número de membros das dotacións dos buques civís e as súas condicións de capacitación profesional. Este mandado ten o seu reflexo no artigo 263.i) do citado real decreto legislativo, que regula como unha función do Ministerio de Fomento, no ámbito do artigo 7 da citada lei, a determinación das dotacións mínimas dos buques civís, para efectos de seguridade.

Esta formulación complementábase co disposto polo artigo 266.4.g) da citada lei, en relación co artigo 10.k) do Real decreto 638/2007, do 18 de maio, polo que se regulan as capitanías e os distritos marítimos, que atribúe aos capitáns marítimos a resolución dos expedientes en materia de fixación de tripulacións mínimas de seguridade para as embarcacións de eslora (L) inferior a 24 metros.

Así mesmo, debe mencionarse a aprobación do Convenio sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros (Convenio STCW-F 95), asinado en Londres no 7 de xullo de 1995, cuxo obxectivo é dar cumprimento ás decisións da décimo sexta asemblea da Organización Marítima Internacional (OMI) e do seu Comité de Seguridade Marítima. A entrada en vigor no noso país do citado convenio produciuse no 29 de setembro de 2012, polo que é preciso aprobar as disposicións necesarias para a súa aplicación.

En consecuencia, á vista da lexislación mencionada, considérase procedente regular os criterios xerais que rexerán o procedemento para a determinación das tripulacións mínimas de seguridade dos buques pesqueiros, dando cumprimento ás disposicións citadas, mediante a elaboración e aprobación dun real decreto en desenvolvemento das disposicións con rango de lei.

Este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia das asociacións profesionais e sindicais máis representativas dos armadores e traballadores de buques pesqueiros. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas litorais e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla e foi sometido ao informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por afectar as competencias das comunidades e cidades autónomas. Igualmente, solicitouse informe ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de conformidade co disposto polo artigo 24.1.b) e c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

O real decreto dítase ao abeiro da competencia do Estado en materia de mariña mercante, de conformidade co previsto polo artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as tripulacións mínimas de seguranza para os buques de pesca e auxiliares de pesca que se inclúen no anexo I deste real decreto.

2. Así mesmo, regúlase o criterio e o procedemento para asignar as tripulacións mínimas de seguranza que deben levar os buques e embarcacións rexistrados e abandeirados en España na terceira e cuarta listas do Rexistro de Matrículas de Buques, así como para a expedición do documento acreditativo correspondente.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Estarán suxeitos ás disposicións deste real decreto os buques e embarcacións de pesca e os auxiliares de pesca rexistrados e abandeirados en España na terceira e cuarta listas do Rexistro de Matrícula de Buques.

Artigo 3. *Exencións.*

Estarán exentas do disposto neste real decreto as embarcacións auxiliares dos buques ou embarcacións de pesca, que serán gobernadas pola tripulación do buque ou embarcación a que estean adscritas, sen que se produza menoscabo nas súas condicións de seguranza e operatividade.

Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos do previsto neste real decreto entenderase por:

1. «Buque de pesca»: o destinado á captura e extracción con fins comerciais de peixes e outros recursos mariños vivos, que se encontre inscrito na terceira lista do Rexistro de Matrícula de Buques e en situación de alta no Censo da frota pesqueira operativa e cuxa eslora (L) sexa igual ou superior a 24 metros.

2. «Embarcación de pesca»: a destinada á captura e extracción con fins comerciais de peixes e outros recursos mariños vivos, que se encontre inscrita na terceira lista do Rexistro de Matrículas de Buques e en situación de alta no Censo da frota pesqueira operativa e cuxa eslora (L) sexa inferior a 24 metros.

3. «Auxiliar de pesca»: os buques ou embarcacións dedicados a labores auxiliares de pesca inscritos na cuarta lista do Rexistro de Matrícula de Buques, como poden ser as dos atuneiros ou outras de igual ou parecida natureza.

4. «Embarcación auxiliar»: as dedicadas a labores auxiliares de explotacións de acuicultura, de estabulación de especies mariñas ou asociadas a unha licenza ou permiso administrativo para exercer actividades acuícolas, inscritas na cuarta lista do Rexistro de Matrícula de Buques.

5. «Buque de palangre de superficie»: o que se dedica á pesca con artes de palangre de superficie, conforme o definido na lexislación nacional vixente.

6. «Buque de palangre de fondo»: o que se dedica á pesca con artes de palangre de fondo, conforme o definido na lexislación nacional vixente.

7. «Buque de cerco»: o que se dedica á pesca con artes de cerco, conforme o definido na lexislación nacional vixente.

8. «Buque de arrastre»: o que se dedica á pesca con artes de arrastre, conforme o definido na lexislación nacional vixente.

9. «Embarcación de artes menores»: aquela que se dedica á pesca con artes fixas e artes menores, conforme o definido na lexislación nacional vixente.

10. «Pesca artesanal»: actividade pesqueira realizada con embarcacións de até 12 metros de eslora.

11. «Pesca costeira artesanal e de baixura»: aquela practicada por embarcacións que regresan a porto diariamente e antes de 24 horas.

12. «Pesca de altura»: é a que se realiza con mareas de duración inferior a tres semanas e superior a vinte e catro horas.

13. «Pesca de grande altura»: é a que se realiza con mareas de duración superior a tres semanas.

14. «Eslora (L)»: considerarase igual ao 96% da eslora total na flotación correspondente ao 85% do puntal mínimo de trazado medido desde o canto superior da quilla ou a distancia existente entre a cara de proa da roda e o eixe da mecha do leme nesa flotación, se esta última é maior. Nos buques proxectados con quilla inclinada, a flotación de referencia para medir a eslora será paralela á flotación de proxecto. Para efectos deste real decreto, a eslora que se aplicará será a eslora (L).

15. «Espazos de máquinas sen dotación permanente para buques e embarcacións de pesca (UMS)»: aqueles espazos de máquinas que están provistos das instalacións, alarmas e sistemas automáticos para non precisaren a presenza continuada de persoal nos espazos de máquinas, acreditados mediante certificación expedida pola Dirección Xeral da Mariña Mercante no caso de buques de pesca ou na información técnica anexa ao certificado de conformidade para as embarcacións de pesca.

16. «Arqueo»: cubicación dos espazos interiores dun buque ou embarcación expresados en GT.

17. «GT»: siglas da expresión inglesa «Gross Tonnage» para a cubicación ou arqueo dun buque de acordo co Convenio internacional de arqueo de 1969.

18. «Patrón polivalente»: persoa coa titulación ou titulacións náuticas ou náutico-pesqueiras necesarias para exercer funcións de mando e asumir responsabilidades tanto na ponte como na máquina.

19. «Servizos de garda»: o conxunto de normas, pautas de comportamento, recomendacións e principios recollidos no capítulo IV («Normas relativas ás gardas») do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques de pesca 1995, feito en Londres no 7 de xullo de 1995 (Convenio STCW-F).

20. «Simultaneidade de funcións»: capacidade de asumir na mesma embarcación funcións simultáneas de vixilancia na ponte de goberno, control de máquinas e servizos auxiliares.

21. «Tripulación»: o conxunto do persoal embarcado e enrolado que presta servizos profesionais a bordo dos buques de pesca e os seus auxiliares.

22. «Polivalencia»: capacidade de exercer funcións e asumir responsabilidades nun buque na ponte e/ou na máquina tendo para isto as titulacións necesarias.

23. «Capitán ou patrón»: para os efectos deste real decreto é o membro da tripulación que exerce o mando do buque ou embarcación de pesca.

24. «Xefe de máquinas»: para os efectos deste real decreto é o membro da tripulación que exerce a xefatura da máquina do buque ou embarcación de pesca.

25. «Primeiro oficial de ponte ou segundo patrón»: o oficial de ponte que segue en rango o capitán ou patrón e que, en caso de incapacidade destes, deberá asumir o mando do buque e exercer as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

26. «Primeiro oficial de máquinas»: o oficial de máquinas que segue en rango ao xefe de máquinas e que, en caso de incapacidade deste, asumirá a responsabilidade da propulsión mecánica, así como o funcionamento e mantemento das instalacións mecánicas e eléctricas do buque e exercerá as demais funcións que lle atribúa a normativa vixente.

27. «Oficial de ponte ou máquinas»: para os efectos deste real decreto, é o membro da tripulación que exerce as súas funcións como oficial de cuberta ou máquinas, de acordo coas atribucións do seu título.

28. «Subalterno»: para os efectos deste real decreto, é o membro da tripulación, xa sexa de cuberta, máquinas ou de fonda, que non é oficial de cuberta ou de máquinas e que está incluído na tripulación mínima de seguraza e que, por tanto, ten atribuídas funcións de seguraza.

29. «Cadro de obrigacións e instrucións para casos de emerxencia»: cadro definido segundo a regra 2 do capítulo VIII do Convenio de Torremolinos e do punto 14 do anexo VI do Real decreto 543/2007, do 27 de abril, polo que se determinan as normas de seguraza e de prevención da contaminación que cumprirán os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora (L), para buques de pesca e embarcacións de pesca respectivamente.

30. «Tripulación mínima de seguraza»: é o conxunto de oficiais e subalternos, ademais do capitán ou patrón, con indicación do seu número e atribucións, que precisa o buque de pesca ou embarcación de pesca segundo o seu arqueo, eslora, potencia, actividade e tipo de navegación, para realizar con seguraza as gardas de mar, fondeos e manobras, así como para poder dar unha resposta adecuada ás situacións de emerxencia.

31. «Traslado de buque ou embarcación de pesca»: navegación efectuada entre dous portos, con obxecto de efectuar reparacións ou actividades de carácter similar.

32. «Probas oficiais de mar»: aquelas probas encamiñadas á comprobación de que o buque ou embarcación de pesca foi construído de acordo co proxecto aprobado previamente, se encontra en condicións de prestar os servizos correspondentes á súa clase por estar dotado dos elementos que exige a normativa nacional e/ou internacional que lle sexa de aplicación, é acredor a todos os certificados exixidos pola normativa en vigor e se encontra suficientemente equipado e a súa tripulación debidamente capacitada.

33. «Probas particulares de mar»: aquelas probas realizadas polo estaleiro, polo construtor, polo taller ou por outros encamiñadas a comprobar o correcto funcionamento do buque ou embarcación de pesca ou dalgún dos seus servizos ou equipamentos.

34. «Convenio STCW-F»: o Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros, adoptado en Londres o 7 de xullo de 1995.

35. «Augas abrigadas»: zonas protexidas dos embates do mar aberto nas cales un buque non estea afastado en ningún momento máis de tres millas dun lugar de refuxio de terra firme, como poden ser baías cerradas, ao cal poidan acceder os posibles náufragos e en cuxa proximidade se encontren instalacións de busca e salvamento, praias en que se poida varar con seguraza e outras posibles instalacións.

36. «Frota polivalente»: confórmana aquelas embarcacións de pesca que na mesma xornada de traballo están autorizadas para utilizaren dous ou máis tipos de artes e cuxo cambio non supón un incremento na tripulación do buque.

Artigo 5. *Asignación de tripulacións mínimas de seguraza.*

A asignación das tripulacións mínimas de seguraza dos buques e embarcacións de pesca, incluídas as asignacións temporais a que se refire o número 3 do artigo 6 deste real decreto, efectuarase mediante resolución administrativa, conforme o procedemento previsto nos artigos seguintes.

Artigo 6. *Órganos competentes para a asignación das tripulacións mínimas.*

1. A asignación das tripulacións mínimas de seguraza para os buques de pesca corresponde ao director xeral da Mariña Mercante.

2. A asignación das tripulacións mínimas de seguraza respecto ás embarcacións de pesca corresponde aos capitáns marítimos, de acordo co disposto no artigo 10.k) do Real decreto 638/2007, do 18 de maio, polo que se regulan as capitánías marítimas e os distritos marítimos.

3. Así mesmo, corresponderá ao capitán marítimo a asignación temporal de tripulacións mínimas de seguranza de buques e embarcacións para traslados e probas de mar.

Artigo 7. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento para a asignación de tripulacións mínimas de seguranza dos buques e embarcacións de pesca iniciarase logo de solicitude dos armadores ou dos seus representantes legais ante o correspondente órgano competente para a asignación, de acordo co disposto no artigo 6 deste real decreto, por calquera dos medios previstos, incluídos os telemáticos, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Cando a solicitude se refira a buques ou a embarcacións de nova construción, deberá ser presentada nun prazo dos tres meses anteriores á data prevista da entrega do buque ou da embarcación.

3. Con independencia do disposto nos números anteriores, a asignación das tripulacións mínimas de seguranza realizarase de oficio cando a xuízo do órgano competente para proceder a aquela existan circunstancias relacionadas coa seguranza do buque, da navegación ou da vida humana no mar que así o requiran, que se deberán motivar na instrución do expediente correspondente.

Artigo 8. *Contido das solicitudes.*

Ás solicitudes que se formulen conforme o previsto no artigo anterior deberáselles xuntar a seguinte documentación, salvo que sexa imposible presentar a documentación técnica debido á idade das embarcacións ou por non ter sido esta emitida:

1. Unha proposta de tripulación mínima de seguranza en que figure o número de tripulantes que integrarán a tripulación e os cargos e funcións desempeñados polos seus membros.

2. Un estudo descritivo comprensivo da seguinte información:

a) Informe sobre o buque ou embarcación en que conste o tipo, características técnicas e equipamento, arqueo bruto, potencia propulsora e sistema de mantemento de buques.

b) Planos de seguranza do buque ou certificado de seguranza da embarcación de pesca, con indicación dos medios de salvamento e contra incendios existentes a bordo, así como o seu manexo en caso de emerxencia polos tripulantes que se propoñan.

c) Cadro de obrigacións e instrucións para caso de emerxencias.

d) Tarefas, misións e responsabilidades da tripulación para efectos da operatividade do buque ou embarcación en condicións de seguranza e de prevención da contaminación do medio mariño, incluíndo un cadro de organización do tempo de gardas de mar, manobras e protección do buque ou embarcación.

e) Descrición da arte e da actividade e modalidade de pesca que vaia desenvolver o buque ou a embarcación.

f) Zonas de navegación en que se pretende que o buque ou a embarcación opere, tempo de permanencia no mar e mareas.

g) Información sobre o modo de realización das tarefas relacionadas coa pesca, do persoal necesario para largar e cobrar o aparello ou arte, vixilancia do buque ou da embarcación durante as actividades de pesca e do contorno marítimo onde se realicen as manobras, así como organización das gardas de mar durante as faenas pesqueiras.

h) Frecuencia e duración das escalas nos portos.

i) No ámbito laboral, copia do convenio colectivo aplicable.

j) Calquera outra información que o solicitante poida considerar relevante para a designación da tripulación mínima de seguranza en función das características e do equipamento dos buques ou embarcacións pesqueiras.

Artigo 9. *Tramitación.*

Nos supostos de solicitude por instancia do armador, observarase o disposto nos números seguintes:

1. Recibidas as solicitudes e a súa documentación adxunta, os órganos competentes para a asignación das tripulacións realizarán os actos de instrución e inspección necesarios para verificar os datos recollidos na solicitude, así como aqueles outros que consideren precisos para determinar, coñecer e comprobar a documentación entregada en virtude da cal deban emitir a resolución.

2. Se a solicitude non reunir os requisitos a que se refire o artigo 8 deste real decreto ou for preciso ampliar algún dos datos da documentación anexa á solicitude, o órgano competente para asignar as tripulacións requirirá o solicitante para que no prazo de 10 días proceda a emendar os posibles defectos ou xuntar os documentos precisos, apercibíndoo de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución motivada.

3. O dito prazo poderase ampliar a 15 días, por petición do interesado ou por iniciativa do órgano competente cando a presentación dos documentos requiridos teña dificultades especiais.

Artigo 10. *Finalización do procedemento.*

O procedemento finalizará mediante resolución do órgano competente para a asignación, que deberá ser notificada ao solicitante nun prazo máximo de 3 meses contados desde a data de presentación da solicitude e levarase a cabo de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

No caso de que a resolución leve unida a asignación da tripulación mínima de seguranza, esta formalizarase no modelo de certificado de tripulación mínima do anexo II deste real decreto, que inclúe a tripulación mínima determinada de acordo co establecido no anexo I.

Artigo 11. *Recursos.*

Contra as resolucións do capitán marítimo ou do director xeral da Mariña Mercante poderase interpor recurso de alzada, respectivamente, ante o director xeral da Mariña Mercante ou ante o secretario xeral de Transporte, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos previstos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A resolución do correspondente recurso de alzada porá fin á vía administrativa.

Artigo 12. *Silencio administrativo.*

A falta de resolución expresa no prazo a que se refire o artigo 10 deste real decreto implica o rexeitamento da solicitude, de conformidade co disposto na disposición adicional vixésimo novena número 2 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Unha vez transcorrido o prazo, contra a desestimación por silencio negativo poderanse interpor os recursos previstos no artigo 11 deste real decreto, nos termos que sinala o dito precepto.

Artigo 13. *Resolucións provisionais.*

1. Se, por motivos non imputables ao solicitante ou por razóns operativas, este non estiver en condicións de presentar a totalidade da documentación indicada no artigo 8 deste real decreto ou non puiden dispor do buque ou embarcación para a súa inspección, poderáselle adxudicar provisionalmente, conforme o procedemento previsto nos artigos do 5 ao 10 deste real decreto, por parte do órgano competente, mediante resolución motivada, unha tripulación mínima de seguranza similar á doutros buques ou

embarcacións de igual tipo ou dedicados á mesma actividade, sempre que sexa superior ou igual aos mínimos establecidos no anexo I.

2. A resolución provisoria en ningún caso poderá outorgarse por un período superior a tres meses contados desde a data do seu outorgamento ou pola duración da marea, sen que a resolución poida ser prorrogada. Estes particulares deberán facerse constar expresamente na resolución.

Artigo 14. *Vixencia das resolucións.*

1. As resolucións definitivas de asignación de tripulacións mínimas de seguranza manterán a súa vixencia indefinidamente, salvo que se produza algún dos supostos incluídos no seguinte número.

2. As resolucións definitivas perderán a súa vixencia e a súa renovación debe solicitarse sempre que:

a) O buque ou embarcación sufra modificacións estruturais que afecten as súas dimensións ou características técnicas principais, cando se produzan cambios no aparello propulsor que supoñan variación da potencia ou cando existan alteracións nas navegacións ou na operativa.

b) O buque ou embarcación incorpore elementos tecnolóxicos susceptibles de permitir a modificación das tripulacións mínimas de seguranza.

c) Se modifique de forma significativa a organización do tempo de traballo e as gardas a bordo.

3. Así mesmo, procederase á revisión das solicitudes en caso de notificación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co previsto na disposición adicional quinta do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro.

4. A renovación deberase solicitar con tres meses de anterioridade cando concorran as circunstancias a que se refiren as alíneas a) e b) do número 2 deste artigo, ante o órgano competente a que se refire o artigo 6 deste real decreto, e tramitaranse e outorgaranse con suxeición ao procedemento previsto neste real decreto.

Cando se produzan as circunstancias obxecto da letra c) do número 2 e do número 3 deste artigo, a renovación deberase solicitar no momento en que se produzan.

Artigo 15. *Regras sobre buques que practican diferentes tipos de pesca.*

1. Sempre que un buque ou embarcación de pesca vaia ser destinado indistintamente a diferentes artes de pesca ou cando a mesma actividade implique distintos períodos de navegación, no certificado de tripulación mínima seranlle asignadas as tripulacións mínimas correspondentes a cada caso.

2. No suposto de que un buque ou embarcación de pesca non teña fixada tripulación para as novas circunstancias, o interesado, antes de iniciar a marea, deberá solicitala.

O órgano competente para a asignación das tripulacións emitirá, neste caso, unha resolución provisoria conforme o procedemento previsto nos artigos 5 a 10 deste real decreto, que incluírá a nova tripulación acorde coas novas circunstancias e con validez até que o dito órgano dite a resolución definitiva.

No suposto de que o órgano competente sexa o capitán marítimo, a resolución provisoria devirá definitiva unha vez que se esgotase o prazo.

3. O disposto nos números anteriores non se aplicará aos casos das denominadas frotas polivalentes, que xa teñen asignada unha tripulación para as diferentes artes.

Artigo 16. *Simultaneidade de funcións.*

A simultaneidade de funcións, de capitán ou patrón ao mando e xefe de máquinas ou primeiro mecánico, ademais de primeiro oficial de ponte e máquinas ou primeiro oficial de ponte e segundo mecánico, só se admitirá nas embarcacións dedicadas á baixura e até 24 metros de eslora (L), que non realicen mareas de maior duración que 48 horas e

que non se afasten máis de 60 millas da costa, que dispoñan de instalacións de máquinas sen dotación permanente, acreditadas na información técnica do certificado de conformidade, e sempre que os tripulantes que simultaneamente dispoñan dun título ou títulos que outorguen a correspondente polivalencia e non se excedan as horas de traballo e descanso establecidas na normativa laboral.

Artigo 17. *Alumnos.*

1. Os alumnos que deban realizar as prácticas formativas necesarias a bordo de buques ou embarcacións de pesca poderanse enrolar sen que a súa praza sexa contabilizada para os efectos dos mínimos establecidos na asignación da tripulación mínima.

2. Os alumnos estarán baixo a inmediata supervisión do capitán ou patrón e poderán ter encomendadas as tarefas propias da formación que estean cursando e, para efectos de seguranza, deberán recibir do capitán ou do patrón os coñecementos mínimos para familiarizárense cos dispositivos de seguranza, de supervivencia e de loita contra incendios.

Artigo 18. *Cociñeiro e camareiro.*

Os buques de pesca de máis de 500 GT deberán contar como mínimo cun cociñeiro e un camareiro, funcións que pode alternar unha soa persoa nos de até 700 GT.

Estes tripulantes deberán ter asignadas funcións de salvamento e abandono e constarán dentro dos mínimos establecidos no anexo I.

Artigo 19. *Enrole en categoría superior.*

O capitán marítimo competente para a asignación das tripulacións mínimas, logo de solicitude, poderá autorizar, con carácter concreto e mediante resolución motivada, o enrole de persoal con titulación inmediatamente inferior á que se precise. Para isto é imprescindible que se constataste de maneira fidedigna a inexistencia de persoal titulado dispoñible e que o persoal así autorizado dispoña, ao menos, do certificado de formación sanitaria específica inicial cando exerza como patrón costeiro polivalente ou patrón local de pesca. En ningún caso se autorizará, para exercer funcións de capitán ou patrón en navegacións de altura e grande altura, persoas cuxa titulación non reúna os requisitos establecidos na regra II/1 do Convenio STCW-F.

A inexistencia de persoal titulado en disposición de embarcar a que se refire o parágrafo anterior deberá ser acreditada polo solicitante mediante a presentación da correspondente certificación expedida polo Instituto Social da Mariña ou pola oficina de emprego que o substitúise na provincia.

Os enroles autorizados de acordo co parágrafo primeiro deste artigo non terán unha duración superior a 6 meses ou ao período máximo de embarque, segundo o disposto polo Convenio STCW-F, sen que poida pasar este período en ningún caso dos seis meses.

Artigo 20. *Regras especiais sobre usos e augas abrigadas.*

Os capitáns marítimos, logo de solicitude e tendo en conta os usos e costumes nos seus respectivos portos e a presenza de circunstancias como o exercicio da actividade en zonas abrigadas, a existencia de unidades de apoio e vixilancia, a realización da marea por varios buques a un tempo, ben como outras similares, poderán, mediante resolución motivada:

1. Modificar as gardas co fin de que, durante os períodos de descanso do patrón, os labores de vixilancia poidan ser realizados por un subalterno que leve a cabo funcións de axuda ao patrón. Para isto o buque debe estar parado e coas luces e marcas de sen goberno conectadas e a persoa habilitada debe ter acreditada competencia e experiencia equivalentes ás que sexan necesarias para ese posto.

A modificación non debe implicar, en ningún caso, que a realización das gardas altere os límites impostos polo Real decreto 285/2002, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao traballo no mar.

2. Autorizar que as embarcacións de até 12 metros de eslora (L) poidan ser tripuladas por unha soa persoa con titulación suficiente, para o que se terá en conta o cumprimento de todas as condicións excepcionais de seguranza marítima seguintes:

a) Que a embarcación realice as faenas de pesca á vista doutras embarcacións, en zonas de costa habitadas, en augas costeiras protexidas ou abrigadas ou en zonas en que traballen outras embarcacións de pesca da mesma modalidade.

b) Que a zona de pesca estea situada en augas abrigadas ou, na súa falta, a menos de tres millas de costa en todo momento.

c) Que o único tripulante, en todo momento, leve posto un chaleco salvavidas homologado.

d) Que os buques e embarcacións estean provistos de equipamento de comunicación fixo de VHF e unha radiobaliza de localización de sinistros.

e) Manter contacto por radio coa costeira ou coa confraría de pescadores a que pertencen. O patrón e único tripulante estará en posesión dos títulos de patrón e mecánico ou patrón local de pesca que o habiliten para o manexo desta embarcación.

f) Os equipamentos de navegación e comunicacións incluídos no correspondente certificado estarán operativos en todo momento.

g) Que realicen entradas e saídas diarias a porto, e

h) Outras condicións que o capitán marítimo considere oportunas, sempre que isto non afecte a seguranza marítima, da navegación, da vida humana no mar ou a contaminación do medio mariño.

Artigo 21. *Regras especiais para actividades pesqueiras próximas ao litoral.*

Os buques de até 24 metros de eslora e potencia igual ou inferior a 550 kW que permanezan menos de tres semanas no mar e a unha distancia dun porto español ou da Unión Europea non superior a 200 millas poderán saír ao mar sen o mecánico e o engraxador que se establece no anexo I para os buques con UMS, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

Deberán levar enrolado un xefe de máquinas que teña, ao menos, a titulación de mecánico naval de segunda clase ou patrón costeiro polivalente.

Antes de cada marea o patrón certificará, e así o anotará no diario de navegación, o bo funcionamento dos automatismos.

Unha vez cada dous meses unha organización recoñecida certificará o mantemento correcto do UMS.

Disposición transitoria única. *Vixencia das resolucións anteriores.*

As resolucións de asignación de tripulación mínima de seguranza expedidas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto conservarán a súa validez, salvo que incorran nalgún dos supostos do artigo 14 deste real decreto, caso en que deberán renovarse.

Así mesmo, os armadores poderán solicitar a modificación das resolucións existentes en calquera momento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Comercio, do 14 de xullo de 1964, no que se refire ao cadro indicador de tripulacións mínimas para buques de pesca e auxiliares de pesca, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto polo artigo 149.1.20.^a da Constitución, que outorga ao Estado a competencia exclusiva en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. Facúltanse o ministro de Fomento e o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditaren, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas en desenvolvemento deste real decreto.

2. Así mesmo, facúltanse o ministro de Fomento e o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o artigo 4 deste real decreto cando as modificacións veñan impostas por avances técnicos ou pola lexislación nacional, da Unión Europea ou por recomendacións da Organización Marítima Internacional.

3. De forma específica habilítase o ministro de Fomento para introducir neste real decreto as modificacións que veñan impostas por avances técnicos ou por cambios introducidos na normativa europea ou en convenios internacionais que sexan aplicables.

Disposición derradeira terceira. *Competencias de execución.*

Facúltanse o director xeral da Mariña Mercante e o director xeral de Ordenación Pesqueira para ditaren, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos 30 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I
Tripulaciones mínimas de seguridad para buques e embarcacións de pesca

	Capitán	1º Oficial		Xefe de Máquinas		1º Of. Máquinas		2º Of. Máquinas		Contramestre	Maniñeiros		Engraxador	Total Reducido	
		1º Patrón	2º Patrón	1º Mecánico	2º Mecánico	1º Mecánico	2º Mecánico	Contramestre	Maniñeiros		Engraxador	Patrón polivalente			Total
Grande altura.	Maiores 50 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3	2	2	10	
	Menores 50 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	8	
En ambos os casos, se o buque dispón de certificado vivente de máquina desatendida, poderase reducir nun oficial de máquinas e un engraxador.															
Altura.	Maiores de 24 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	8	
	Entre 20 e 24 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	1	1	7	
	Menores de 20 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1	5	
		1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1	6	
Mediterráneo	Pesca artesanal (até 12 m de eslora)	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	
	Menores de 8 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	
	Palangre de superficie, artes fixas e menores	Menores de 24 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3
		Maiores de 20 m	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	2	2	3
	Arrastre	Maiores de 20 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	4
		Menores de 20 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3
	Cercos	Maiores de 20 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3
		Calquera tamaño	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3	4	1	5
	Costeira artesanal e baixura	Pesca artesanal (até 12 m)	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2
		Palangre (até 24 m) e artes menores	Menores de 8 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Menores de 24 m			1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2
Arrastre (até 24 m.)		Entre 15 e 24 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3
		Menores de 15 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3
Cercos		Calquera tamaño	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1	3
	12 a 24 metros	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3	4	1	5	
		1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	4	
	Curricán Pesca de bonito do norte	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1	3	
Canarias. (Non está permitida a pesca de arrastre.)	16 a 24 metros	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1	4	
	Entre 8 e 12 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	
	Menores de 8 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	2	
	Menores de 24 m	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3	
Cercos	Calquera tamaño	1	1	1	1	1	1	1	1	1	3	3	1	5	
	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	4	4	1	5	

As embarcacións cun só tripulante deben cumprir as medidas de seguraza que se establecen na disposición adicional segunda, segundo parágrafo.
En costeira artesanal e baixura, ao resolver sobre as tripulacións mínimas e tendo en conta as esloras maioritarias nas zonas, terase en conta unha tolerancia de +5 % entre 12 e 24 e do 10 % entre 8 e 12 metros de eslora.
Os patróns polivalentes non poderán exercer o seu cargo por cima das súas atribucións, salvo os enoles en superior categoría (disposición adicional primeira)

ANEXO II

Documento relativo á tripulación mínima de seguranza

Nome do buque:	Distintivo de chamada:
Arqueo (GT/TRB):	Potencia efectiva (kW):
Tipo de buque:	Porto de matrícula:
Espazo de máquinas sen dotación permanente: SI / NON	NIB:

Zona de navegación:

Considerarase que o buque cuxo nome figura neste documento ten a tripulación mínima de seguranza adecuada se, ao se facer ao mar, leva a bordo como mínimo o número de persoas, coa categoría ou cargo indicado, que se especifica no cadro(s) seguinte:

TRIPULACIÓN MÍNIMA DE SEGURANZA

Categoría/cargo	Título mínimo	STCW pesca	Nº de persoas
Total			

Requisitos ou condicións especiais:

Expedido en , o.... de.....de 20...

Asinado por

Selo

O director xeral da Mariña Mercante ou o capitán marítimo.

Nome do buque:	Data de vencemento:
----------------	---------------------